

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enxeñeiro/a técnico/a convocado mediante a Resolución do 1 de marzo de 2018.*

A base oitava da Resolución, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 1 de marzo de 2018 (DOG núm. 51, do 13 de marzo), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de enxeñeiro/a técnico/a do Servizo Galego de Saúde, dispón que unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa dita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enxeñeiro/a técnico/a convocado mediante a Resolución do 1 de marzo de 2018.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 1 de marzo de 2018, contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes poderán presentar reclamación, ante o tribunal de selección, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberase presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberase dirixir á sede do tri-



bunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola cal se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: rng3yb95-8ny7-enx6-0ux1-q6x88mvfvi36

